

NENIAS CHAIREGAS

I

Escuridade na túa boca pecha, nos teus ollos cegos.
Nin unha palabra, nin un ricto de amor, nin un ricto de amargura.
Mirando sempre para o teu adentro sen respostas.
Opiáceos indoloros.
Alentos no respiro.
Impasible tantos días, tantas noites, tantas horas.
Silencio de silencios.
Nai impávida no devagar da morte.
Arneta de amor nos meus ollos, na miña fronte, no meu arelar.
Manantíos de tristura abrollan na pel suada.
Mans que se acaroan ás túas mans sen pescudar sequera.
Imperturbable mansío nas túas fazulas esmaecidas,
na túa cara de atonía, na Residencia fría.
Buscas a serenidade cega ao abeiro dos deuses,
inmutable angueira no teu corpo quedo,
nas túas mans pousadas, nas túas pernas calmas.
Soñando adeuses no repouso.
Calada atardecida no sosego das horas.

II

Espazo morto de luz sen esperanza
preguntade quen me acorralla dende o fondo da noite pechada
para dicirme
que por amor chegou a morte sen despedida
abrindo o seu abano mouro de días trascorridos,
de minutos debuxados chantando os dentes do amargor,
o cáncer maldito no anfiteatro da vida
seiturando anacos de incredulidade,
arrebolando os poucos acenos do porvir
mentres chegou a morte sen despedida.
Non me falou o vento nin os choros,
nin o destino tráxico na ceguedade dos adeuses
porque non querías despedirte
nin que se adiantara a miña sombra
para collerche a man sen latidos,
non querías que padecera a angustia dese tránsito
nas últimas gotas de vida,
nas últimas exhalacións arrítmicas da agonía,
mais despois nos dous días seguintes
soou o teléfono sen números
e sen respostas.
Eras ti.